

A Coruña, a 16 de xuño de 2023.

**Resolución do Xuíz Único da Federación Galega de Natación**

**ASUNTO: ACTA N°42 TEMP 2022-23.**

**Equipos participantes: C.M. Ferrol-C.N.C.Oviedo**

**Competición: Liga Galega Waterpolo División Honra Masculina.**

**Data de celebración: 21/05/2023.**

**FEITOS**

. O día 24 de maio foi remitido pola Secretaria da FEGAN a este Xuíz acta e anexo adxunto asinado polos árbitros do encontro no que se recolle:

*"No minuto 06:22 do último período expúlsase definitivamente con substitución disciplinaria ao xogador n°10 visitante (CNC Oviedo), D. R. A. Pozo Velasco (n° lic.: 6597990) polos seguintes feitos:*

*Tras sancionárselle unha falta en contra, dirixirse ao colexiado erguendo un brazo por fóra da auga e exclamando «¡Venga, hombre!».*

- O día 24 de maio deuse trámite de audiencia aos interesados polo prazo de dous días hábiles inmediatamente seguintes á comisión dos feitos (art.22.2 Libro III Rex Discipl. FEGAN) sen presentar alegacions no prazo concedido

**CONSIDERANDO**

- Que a redacción da acta arbitral goza dunha presunción de veracidade "iuris tantum" que non foi desvirtuada.
- Os feitos que motivan a expulsión definitiva con substitución disciplinaria como infracción leve (art. 7. I.1.a).
- Agravante de reincidencia do artigo 12 toda vez que o xogador xa foi sancionado esta mesma tempada por infraccións á disciplina deportiva de igual gravidade (Acta n° 2 e acta 41).

**RESOLVE**

- Sancionar a D. A. Pozo Velasco con número de licenza 1020477 xogador do C. N. Oviedo cat. División de Honra Masculina con dous encontros de suspensión nesta categoría (art. 9.III.b).

Vista a presente resolución, esta será de aplicación inmediata independentemente da posibilidade de interpoñer recurso contra a mesma ante o Comité de Apelación, no prazo de dez días a partir da recepción da presente.

D. Miguel Dios Blanco  
Comité de Competición da FEGAN

